

ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA URXENTE DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO CORRESPONDENTE O DIA 24 DE ABRIL DE 1996.-

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia o día vintecatro de Abril de mil novecentos noventa e seis; á unha e media da tarde xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión extraordinaria urxente da Comisión Municipal de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Jaime Dávila Sánchez.- Concelleiros: Don José Pérez Iglesias, Don Amando Martínez Deaño e Don Celso Sotelo Barroso.-

Está presente o Secretario-Interventor accidental, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se- los seguintes:

UNICO.- SELECCION DE PERSOAL PARA A ELABORACION DO PADRON MUNICIPAL DE HABITANTES.-

Aprobado pola Comisión Municipal de Goberno na súa sesión ordinaria do 15 de Abril pasado o prego de condicións que rexen a contratación de cinco Axentes Censais para a prestación do servizo de renovación do Padron de 1996; unha vez publicado no Taboleiro de Anuncios do Concello e anuncio no Diario "La Voz de Galicia", do 17 de Abril pasado; e, transcorrido o prazo para a presentación de proposicións, a Comisión Municipal de Goberno, examina todas e cada unha delas así como tamén a demais documentación que se achega ás mesmas, acordando por unanimidade seleccionar ás seguintes persoas para a realización dos traballos anteriormente sinalados, que acreditan cumprimento de tódolos requisitos establecidos no prego de cláusulas que rexen esta convocatoria: Dona Ana María Isabel Fernández Domínguez, veciña da Quinza, con domicilio na Estrada N-120, nº 39; Don Carlos Alvarez Gulín, veciño desta Vila, con domicilio na rúa do Piñeiral, nº 9; Dona Ana María Araújo Montero, veciña desta Vila, con domicilio na rúa Irmáns Alvarez Araújo, nº 1; Dona Nuria Rivas Espiñeira, veciña de San Cristovo; Don Miguel Angel Chao Ornedo, veciño desta Vila, con domicilio na rúa do Ribeiro, 46, 5º D.- Este mesmo órgano, designa coma suplentes dos anteriores, ás seguintes persoas: Dona María de los Angeles Cabanas Fernández, veciña de San Cristovo; Dona Susana Fernández

Cuíñas, veciña desta Vila, con domicilio na rúa Yáñez, 22, 1º.-
Na súa consecuencia esta Comisión Municipal de Goberno, dispón
que se lle notifique ós interesados esta decisión, citándolle
para a formalización do correspondente contrato administrativo,
no prazo de cinco días a partir da data da notificación.

E sendo as dúas da tarde, o Sr. Alcalde ergueu a sesión,
estendéndose a presente, da cal, coma Secretario accidental,
certifico.